



RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS. EXP0004SE19-ABO

Vistas as consultas recibidas no correo electrónico contratacion@deputacionlugo.org, ponse en coñecemento dos posibles interesados as cuestións formuladas ata o día de hoxe.

Pregunta número 1:

En relación o prego de cláusulas administrativas para a contratación dos servizos de axencia de medios para a difusión de publicidade institucional xenérica da Deputación Provincial de Lugo, unha vez estudiado o mesmo, surxen algunhas dúbidas:

Cláusula Décimo segunda:

DESCONTOS SOBRE TARIFAS OFICIAIS VIXENTES.

- prensa escrita:

Que entendemos por prensa diaria na provincia de Lugo?

- a) prensa que se pode adquirir en Lugo diariamente (prácticamente toda a prensa estatal)*
- b) prensa que se imprime en Lugo Provincia (Varios medios estatais imprimen na provincia de Lugo).*
- c) prensa con sede social e Lugo Provincia.*
- d) outros casos.*

Que entendemos por prensa diaria en Galicia:

Mesmas incertezas que na anterior, pero na autonomía galega.

- prensa online:

- e) desde Lugo pódese ler diariamente case toda a prensa mundial, que consideramos prensa online diaria na Provincia de Lugo?*
- f) mesmas consideracións que no apartado e, pero coa base territorial autonómica.*

- radio

- g) moitas radios locais son asociadas a cadeas estatais pero a súa vez son entidades xurídicas independentes, que debemos considerar como radio local?*
- h) coa premisas anterior, que consideramos desconexións en circuío provincial e rexional.*
- i) radios locais, que consideramos en base ao formulado no apartado "g"?*

**CONTESTACIÓN**

MEDIO	ACLARACIÓN SOBRE O ÁMBITO DAS INSERCIÓNS
PRENSA ESCRITA	
Prensa diaria na provincia de Lugo	Insercións de publicidade en medios de comunicación que publiquen prensa escrita diaria e que teñan domicilio social en algún municipio da provincia de Lugo.
Prensa diaria en Galicia	Insercións de publicidade en medios de comunicación que publiquen prensa escrita diaria e que teñan domicilio social en algún municipio da Comunidade Autónoma de Galicia (exceptuando os da provincia de Lugo que se incluírían no apartado anterior).
PRENSA ONLINE	
Prensa online diaria na provincia de Lugo	Insercións de publicidade en medios de comunicación que publiquen prensa online diaria e que teñan domicilio social en algún municipio da provincia de Lugo.
Prensa online diaria Galicia	Insercións de publicidade en medios de comunicación que publiquen prensa online e que teñan domicilio social en algún municipio da Comunidade Autónoma de Galicia (exceptuando os da provincia de Lugo que se incluírían no apartado anterior).
RADIOS	
Desconexións en circuito provincial	Insercións de publicidade en medios de comunicación radiofónicos que realicen desconexións da súa programación para toda a provincia de Lugo. As insercións de publicidade realizaranse durante os momentos nos que teña lugar dita desconexión.
Desconexións en circuito rexional	Insercións de publicidade en medios de comunicación radiofónicos que realicen desconexións da súa programación para toda a Comunidade Autónoma Galega. As insercións de publicidade realizaranse durante os momentos nos que teña lugar dita desconexión.
Radios locais	Insercións de publicidade en medios de comunicación radiofónicos cuxas emisións se realicen unicamente no territorio da Provincia de Lugo.



Pregunta número 2:

- Que debemos entender por tarifa oficial, a publicada polo medio, ou a tarifa que algúns medios teñen "establecida oficialmente" para a Deputación?

Por tarifa oficial, debe entenderse a que teña vixente en cada momento o medio de comunicación para os distintos tipos de soportes publicitarias con independencia do anunciante.

CONTESTACIÓN

Esta resolución de dúbidas expostas polos interesados no procedemento, fórmulase para o xeneral coñecemento a través do perfil do contratante, habilitada tal información complementaria de acordo coa cláusula 31 do prego de cláusulas administrativas (CONTESTACIÓN DE DÚBIDAS SOBRE OS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E/OU DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS)

En Lugo a 7 de febreiro do 2019